


FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 4

XOAQUÍN LORENZO

LETRAS



GALEGAS

17 - 5 - 2004



CEIP DE BELUSO

ÍNDICE

EDITORIAL
FOTOGRAFÍA XOAQUÍN LORENZO

XOAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ
EDUCACIÓN INFANTIL

OS XOGUETES
ENTREVISTA

VISITAS
O LOUREIRO

A BRUXERÍA
OS COGOMELOS VELENOSOS

OS COGOMELOS COMESTIBLES
OS COGOMELOS NA COCIÑA

O CAMIÑO DE SANTIAGO
CONTOS

POESÍAS
XOGOS POPULARES

DEPORTES
REFRÁNS

PASATEMPOS

EDITORIAL

Un ano máis celebramos o

DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

Este ano está dedicado a **Joaquín Lorenzo**, máis coñecido como “**Xocas**”, un gran loitador e defensor do galego.

Dentro de pouco os alumnos de sexto imos marchar do cole. Neste colexio coñecemos a moitos nenos e nenas que agora son os nosos amigos e nunca os esqueceremos.

Botaremos moito de menos ós profesores porque, aínda que nos fixeron traballar, tamén nos axudaron sempre que o precisamos.

Todos estamos un pouco tristes e, á vez, asustados porque temos que marchar do colexio. A pesares diso esforzaremos para conseguir pasar todos á E.S.O. e esperamos que nos vindeiros anos tamén veñades todos vós.

Agora que nós xa nos imos, coidade ben o colexio e tamén á Belusiña, que está na biblioteca. Recordade que alí hai novelas, libros de aventuras, de poesía,... neles pódense atopar piratas, naves espaciais, animais, fadas, bruxas,...

Recordade tamén que hai que facer moito deporte. Iso si, sobre todo, pásadeo ben, fagades o que fagades.

¡¡Ata sempre, amigos!!

¡¡Boa sorte!!


Alumnos de 6º.





XOAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ
LETRAS GALEGAS 2004

XOAQUÍN LORENZO




Xoaquín Lorenzo Fernández naceu o 23 de xuño de 1907 na cidade de Ourense. Fillo de Xosé Lorenzo Álvarez e de Xoaquina Fernández. Naceu na antiga rúa dos zapateiros medieval que, en 1834, cambiara o seu nome polo de Rúa da Paz para conmemorar o remate da primeira guerra carlista e o chamado *Abrazo de Vergara*. A mesma rúa que vira nacer o Teatro Principal, nos anos corenta do século XIX, e xusto en fronte da casa onde naceu e viviu Xoaquín naceran Vicente Risco e Otero Pedraio, vinte e tres e dezanove anos antes, respectivamente, de quen sería un dos seus grandes discípulos.

Xoaquín fixo os estudos primarios xunto ó seu irmán Xurxo, tres anos máis novo ca el, na casa, co seu pai, que era avogado, mais nunca exerceu como tal.

Entre 1917 e 1925 estudia o bacharelato no Instituto General y Técnico, onde terá como profesor ó propio Otero Pedraio.

No ano 1923, durante as vacacións, fai unha maqueta dun carro e vai recollendo as denominacións das súas diferentes partes. Ensínalle esta maqueta a Florentino Cuevillas, que o apoia moito, e déixalle bibliografía para que afonde no tema.



Nese mesmo ano morre de súpeto o seu pai. A súa nai ten que trasladarse a Arxentina para solucionar problemas de propiedades familiares. Botará alá tres anos. Mentres Xoaquín vive en Ourense coa avoa paterna e o seu irmán Xurxo en

Vigo co avó materno. Antes de volver a nai de Bos Aires, morre a avoa paterna e Xoaquín tamén se traslada a vivir a Vigo xunto ó seu irmán.

En 1926 ingresa no Seminario de Estudos Galegos presentando o seu traballo *“O carro galego”*. Desde esta institución tratará de impulsar a formación dun museo etnográfico en Fonseca.

En 1934 trasládase a Zaragoza para rematar os estudos de Filosofía e Letras debido ós problemas que lles crearon a el e máis ó seu irmán uns profesores da Universidade de Santiago por pertencer ó Seminario de Estudos Galegos. En setembro deste mesmo ano morre o seu querido irmán Xurxo dunha septicemia, pouco antes de rematar os seus estudos. Xoaquín lembrara toda a vida.

Cando comeza a guerra civil española é movilizado e ten que participar na guerra do lado que lle toca, o bando franquista. Resulta ferido no ombreiro esquerdo, o que lle ocasionará molestias o resto da súa vida.

No ano 1939 é nomeado profesor de Xeografía e Historia no Instituto do Posío (Ourense). En xullo de 1941 incóanlle un expediente de responsabilidades políticas, xunto cos seus amigos e compañeiros de militancia galeguista da preguerra: Otero Pedraio, Cuevillas, Trasancos...

No verán de 1940 participa activamente, co director de cine Antonio Román, na rodaxe da película *“O home e o carro”* sobre idea e texto orixinal do etnógrafo ourensán. A rodaxe durou dez días en Lobeira coa intervención das xentes campesiñas da comarca.


En 1942 é nomeado colaborador do Museo Arqueolóxico de Ourense. Entre 1944 e 1946 inicia diversas excavacións nos castros de Cameixa (Boborás) e Caban-



o posto de Antonio Noriega Varela, cun discurso sobre “*A casa galega*”.

Nos anos corenta e cincuenta, dentro das dificultades derivadas do réxime político e a falta de liberdades públicas, os cafés constituían un referente indiscutible para as tertulias culturais e nelas converxeron os mestres da Xeración Nós e os autores de xeracións máis novas e poetas que entón se daban a coñecer.

No ano de 1967 participa con outros galeguistas da cidade, como Otero Pedraio e Ferro Couselo, na fundación da Agrupación Cultural Auriense. Esta entidade funcionará como un auténtico foco de rexurdimiento da galeguidade en Ourense.



Será un dos impulsores e asiduos asistentes á misa en galego que desde 1968 se celebra na catedral ourensá. Nesta misa cantaba a Coral da Ruada as súas cantigas galegas.

Cando se fundou en 1972 o *Boletín Auriense*, Xaquín Lorenzo forma parte do consello asesor desta revista científica, na que publicará, ata a súa morte, numerosos estudos de prehistoria e etnografía.

En 1976 participa como cofundador do Museo do Pobo Galego. O 29 de outubro de 1977 preside a inauguración oficial desta nova institución cultural en Santiago, nos locais preparados para o Museo dentro do convento de San Domingos de Bonaval.


ca e na vila romana de Abelenda das Penas, ó tempo que é nomeado, en 1946, colaborador da Comisaría de Excavacións Arqueolóxicas.

O 16 de setembro de 1951 ingresa como académico de número na Real Academia Galega, ocupando

En decembro de 1980 asina o manifesto feito público polo colectivo apartidista **Realidade Galega**, recomendando o voto afirmativo no referendo do Estatuto de Autonomía de Galicia, que se votaba o día 21 dese mes.


Cando o papa Xoán Paulo II visita Galicia o 9 de novembro de 1982, asiste en Compostela ós actos organizados con motivo deste evento relixioso. Tres días despois recibe o Premio Otero Pedraio, concedido polas catro Deputacións galegas, compartido co escritor Xosé Fariña Jamardo. Chegaba a hora das merecidas homenaxes por parte das institucións oficiais galegas.

O 25 de abril de 1983 a Deputación ourensá aproba un expediente para nomealo **Fillo Pre-dilecto** da provincia. A entrega desta distinción, cun pergamino realizado polo artista ourensán Carlos Quesada, tivo lugar o 21 de maio no Pazo Provincial en presenza das autoridades locais e de personalidades como Xosé Filgueira Valverde e o doutor Domingo García Sabell.



No mesmo ano recibe a medalla de ouro do Museo do Pobo Galego e o 19 de xuño recibe o Premio Trasalba da fundación Otero Pedraio. Foi aquela a primeira convocatoria deste premio.

Na primavera de 1986 viaxa a Bos Aires xunto coa Coral de Ruada, nunha xeira organizada pola Deputación ourensá. De volta á cidade amosou o seu entusiasmo polo recibimento que tivo aquela ambaxada cultural e insistía na forte galeguidade da Galicia americana. “*Arxentina non é a quinta provincia galega, é unha continuación de Galicia. Eu cando cheguei alí sentínme galego, como me sentía arxentino, porque me encantou a cidade*”.



Unha das últimas homenaxes foi a que tivo lugar no Colexio Público de EXB da vila de Bande, o 23 de febreiro de 1989, onde deu a súa última charla pública, para os alumnos do centro, e na que se lle puxo a este centro o nome de don Xoaquín Lorenzo Fernández.

O 18 de xullo de 1989 morre na súa casa de Facós, en Lobeira. É soterrado no panteón familiar do cemiterio de San Francisco (Ourense).

O *Boletín Auriense*, do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, dedicalle un número de homenaxe no ano 1990, incluíndo este poema da autoría do etnógrafo Elixio Rivas Quintas, datado en febreiro de 1986:




Ó XOCAS

*Labrado na raigaña dun carballo,
querquerno rexo de fraguenta terra;
afiado espírito, dourado,
en longa andaina e sempre arredor dela.
Leal amigo dos amigos
e amigo da nosa senté toda;
alma fidalga, limpa, nobre,
que aínda para mostra queda.
Cos pés no chau, que de folla amorelea,
furgando nas entrañas o seu misterio olla
e cara o alén, que xa lumbriga, enxerga.
Home, non de terra allea ou recomposta,
senón da anterga, enxebre e milleirenta:
A que circunda ó castro que o cruceiro
alonga.*




OBRAS

- ✓ Moitos artigos publicados na prensa local ourensá e galega.
- ✓ *Castro de Cameixa.*
- ✓ *A nosa señora do Viso.*
- ✓ *Vila de Calvos de Randín.*
- ✓ *Vellas artes de pesca no río Miño.*
- ✓ *Cantigueiro popular.*
- ✓ *Refraneiro galego.*
- ✓ *Galicia ao través dun obxectivo.*
- ✓ *O carro no folclore de Galicia.*
- ✓ ...



6º A.




OS XOGUETES

Como todos sabemos, os nenos antergos non viviron nunha época de economía florecente e, claro, tiñan necesidade de moitas cousas. Non coñecían ningún tipo de luxo e, ...por ter..., tampouco tiñan xoguetes. ¡A aqueles nenos ninguén lle regalaba xoguetes!. Só tiña unha bonequiña ou un cochiño algún neno rico. Os demais miraban para eles e... tiveron unha idea: crear uns semellantes.

Como intelixencia si tiñan, puxéronse a cavar sobor de como xogar, como divertirse e con que cousas. Pero... faltábanlles os materiais. Ollando ó seu arredor cada un discurría algo con cousiñas da natureza e así facían:

BONECAS de trapo, de madeira, de barro, de mazorcas de millo,...



PELOUTAS de serrín, de vexiga de porco, de trapos, de goma, de terra...

COLUMPIOS con cordas feitas con ramas de árbores.

TRENS E CARRICOCHES de movemento manual.

RECIPIENTES para encher e vaciar.

ANIMAIS feitos con patacas, cravándolle pauciños para as patas, o rabo e orellas.

CACHARROS DE COCIÑA: potas, pratos e vasos que os facían valeirando as carolas dos nabos.

BARQUIÑOS DE PAPEL para flotar na auga.

CARRIÑOS DE VACAS.

FLAUTAS feitas con canas de bambú; valeirando outros paus e logo facéndolle buraquiños.

AVIÓNS con paus e papeis.

OS PELOUROS, eran dez pedras que se botaban ó aire e tiñan que collelas cunha man.

A CACHIZA E O PATEIRO, que facían os propios nenos.



cachiza



pateiro

FLECHAS, ARCOS, ESPADAS. Facíanos cos paus do monte.

3°.

ENTREVISTA



Entrevistamos a **Guillermo Ignacio Costa**, un mozo de Beluso que ten 25 anos. É moi simpático e canta no grupo folk **Quempallou**. Exerce a carreira de Maxisterio.



— **¿Cando naceu o teu interese pola música?**

— Cando era un rapaciño coma vós.

— **¿Saíches algunha vez nalgún programa de televisión?**

— Si.

— **¿En que programa?**

— Na TVG en **Luar**, dúas veces, e en **Tardes con Ana Kiro**. Tamén nas televisións locais.

— **¿Gañaches algunha vez un premio?**

— Si. Un premio de folk.

— **¿Dedicácheslle algunha canción a alguén?**

— Si, algunhas.

— **¿Que música che gusta máis?**

— A música galega.

— **¿Triunfaches ti só ou axudáronche?**

— Axudáronme tódolos do grupo.

— **¿Tes outro traballo ou dedicaste só á música?**

— Tamén traballo de mestre na especialidade de música.

— **¿Compós ti só as cancións?**

— Non. Compoñémolas entre tódolos integrantes do grupo.

— **¿Como se chama o teu grupo?**

— Quempallou.



— **¿Quen lle puxo ese nome?**

— Decidímolos entre tódolos

compoñentes do grupo.

— **¿Por que lle puxestes ese nome?**

— É unha historia moi longa e complicada. Ten que ver coa palla.

— **¿Cantos sodes no grupo?**

— Somos seis.

— **¿A quen de vós se lle ocorreu facer o grupo?**

— Eramos catro amigos de Bueu que tocábamos na banda de gaitas **Manxadaíra** e xuntámonos con dous irmáns de Lugo para tocar todos xuntos no festival da escola de Maxisterio. De aí saíu o grupo.

— **¿Levádesvos todos ben?**

— Levámonos de maravilla.

— **¿Que cancións vos gustan máis?**

— Todas.

— **¿Por que?**

— Porque cada unha delas conta algo distinto.

— **¿Vendedes moitos discos?**

— Si, uns poucos.

— **¿Cal foi a cantidade máis vendida?**

— Sobre 2.000 discos.

— **¿Tedes pensado facer máis discos?**

— Estamos gravando agora mesmo outro disco.

**Naiara González,
Jessica Barreiro e
Naiara Gómez 6º A.**



EXCURSIÓN Ó XALLAS



Amenceu un día soleado. Estabamos moi nerviosos polo día que íamos ter. Era día de excursión. O día vintetrés de abril, venres, saímos do colexio, aproximadamente ás nove e media, para facer unha fermosa viaxe percorrendo algúns dos lugares máis bonitos da provincia da Coruña.

Fomos os de 5º e 6º nun autobús de dúas plantas. ¡Ata tiña unha cámara oculta!

Comezámo-la visita pola Central Hidroeléctrica do río Xallas. Poidemos ver a antiga maquinaria de manivela coa que antes se producía luz. Agora estana preparando para convertir nun museo.

Despois subimos, a todo correr, para chegar ó mirador. Cando chegamos arriba, os mestres aínda estaban na metade do camiño, pois parecía que o levaban con calma. Desde o mirador podíase contemplar unha paisaxe marabillosa: a central hidroeléctrica, o monte e tamén o río Xallas coa súa desembocadura.

Máis tarde visitámo-lo cabo Fisterre, vímo-lo seu faro e tomamos uns xelados que estaban moi bos.



Fomos xantar na sombra dunhas árbores e, ó rematar, xogamos un pouco. Volvemos ó autobús e iniciamo-la nosa visita a Carnota. Alí está o hórreo máis grande de Galicia. Ten vintedous pares de pés. ¡É fantástico!. Ó seu carón hai un fermoso pombal.

Sen saír do coche, pasamos por Muros e Noia, cunhas casas e hórreos que a quen lle dera telos no seu lugar.

Ás sete da tarde, máis ou menos, chegamos a Padrón, a vila natal de don Camilo Xosé Cela. Achegámonos ó seu monumento como tamén ó de Rosalía de Castro, dúas das figuras máis importantes da literatura galega.

Aproveitamos e merendamos antes de inicia-la nosa volta á casa.

No autobús pasámolo moi ben, cantamos, escoitamos música, aínda que



algúns tamén se marearon.

Chegamos a Beluso ás nove e media da tarde, aproximadamente. Alí estaban os nosos pais que nos recibiron con moita alegría. ¿Botariánnos de menos?.

Rebeca Agulla P. 5ºA.

VISITA Ó MUSEO MASSÓ

O martes, día 23 de marzo, fomos de visita ó museo de Massó de Bueu.

Cando chegamos alí déronnos unha entrada a cada un. Separáronnos en grupos porque eramos moitos. Ó primeiro fomos a unha sala onde vimos unha película sobre a batalla de Rande. A min gustoume moito, sobre todo cando saíu a escuadra de barcos dos inimigos.




Logo fomos a outra sala onde había

cunchas de moitos tamaños e cores. Había unha xigante que foi o que máis me gustou desa sala. Había tamén restos de barcos antigos, cadros onde saían homes e mulleres traballando e pinturas de Luguís.

Máis tarde fomos a outra sala, no piso de arriba.



A máis luxosa de todas. Alí había unha mesa grande dun barco con cadeiras cravadas ó chan, libros escritos á man moi antigos e valiosos. Había un mapa do mundo e barcos feitos á man. Tamén se atopaba nesa sala un mascarón de proa chamado San Telmo.



Por último fomos á sala de abaixo onde había ferramentas de carpinteiro para facer barcos, un bote polbeiro para pescar polbos, máquinas antigas para facer envases, uns cadros onde se vía como facían os envases...

Noutra sala contigua tiñan redes e un arpón para cazar baleas.



A min o que máis me gustou foi a sala de arriba, a máis luxosa, porque tiñan libros escritos á man, moi antigos, maquetas de barcos...

Andrea Otero 6º A.

AS ARBORES DAS NOSAS FRAGAS



O LOUREIRO (*Laurus nobilis*)

Árbore de folla perenne, de casca lisa, que pertence á familia das lauráceas, crece ata cinco ou dez metros, as ramas son oblicuamente ascendentes densamente foliadas; as follas son sinxelas, alternas, lanceoladas, de consistencia coriácea, aromáticas, co borde algo ondulado e miden entre tres e nove centímetros de lonxitude, de cor verde escuro lustroso polo anverso e máis pálido polo reverso

As flores son de cor branca verdosas, pequenas e dispóñense en grupos axilares. As masculinas con catro pezas na envoltura e de oito a doce estames e as femininas cun ovario e un pistilo. Florece de febreiro a abril.

O froito é carnoso, parecido a unha oliva, verde, que se torna negro na madurez.

Prefire os solos areosos, ricos en humus, en lugares soleados, en ladeiras rochosas e bosques claros.

Orixinario de Asia Menor, está estendido pola rexión mediterránea e pola rexión atlántica da península ibérica. En Galicia está cultivado en xardíns e proximidades das casas. Ten moita importancia o bosque desta especie que se atopa na illa de Cortegada na ría de Arousa.

O loureiro pódese reproducir por semente ou por varas. A multiplicación por sementes é algo lenta; a semente


limpa xermina mellor que a que conserva o pericarpio seco.

Entre os gregos, o loureiro estaba dedicado a Apolo e era plantado como árbore dos deuses nos templos. Os gregos levaron o loureiro a Italia. Arredor do ano 300 a.C., Teofrasto escribe sobre a abundancia de loureiros nas proximidades de Roma. Coas súas ramas, tecíase as coroas de loureiros que

se concedían ós guerreiros victoriosos, Emperadores, etc. E era símbolo de fama e sabedoría. Durante a Idade Media, queimábanse feixes de loureiro para afastar a peste. Na actualidade, as follas de loureiro, utilízanse como condimento en todo

o mundo, especialmente nos países mediterráneos; úsanse, tamén, no afumado de xamóns, embutidos, pescados, etc.. A medicina utiliza a infusión das follas para combater a tose e os catarros e do froito do loureiro, obtense un aceite espeso que se aplica para aliviar a dor das contusións e do reuma.

6º A.



OFICIOS PARA UNHA LEMBRANZA

A BRUXERÍA



A bruxería é o poder sobrenatural, máxico ou maléfico exercido polo que, segundo as crenzas populares europeas, ten pacto co demo, do que recibe poder para realizar megallos, adiviñar o futuro, etc.. En Galicia representa unha personaxe fronteiriza entre a superstición e a relixión, tratada con simpatía e respecto, nunca con odio. Ademais, coma no resto de Europa, a bruxa voadora é o símbolo da mala persoa. Nunha cultura como a tradicional, na que cristián equivale a persoa cabal, a bruxa é mala persoa mítica, é a imaxe en negativo do cristián. Así como o cristián imita a Deus, a bruxa imita ó demo; así como o cristián é servo de Deus, a bruxa é serva de Satán. Por iso tódalas características atribuídas ás bruxas son as mesmas cás do demo. Así a relación entre a bruxa e o demo é unha copia, en negativo, da relación entre os cristiáns e Deus. No bautismo o cristián renega de Satán e faise fillo de Deus. No seu bautismo, a bruxa, renega de Deus e da relixión e faise serva do demo. O cristián adora a Deus, mentres que a bruxa adora ó demo. O cristián ofrece culto a Deus o domingo e teme ó venres, día da morte de Xesús; a bruxa celebra as noites de bruxas os venres e despreza os domingos. O cristián debe respectar a vida; a bruxa provoca a morte, tanto das persoas coma dos animais e dos campos. Para asistir á noite de bruxas ou misa negra, a bruxa unta determinadas partes do corpo con ungüentos maléficos –arremedo dos que usan as uncións cristiáns- case sempre feitos con cadáveres ou con animais satánicos, que se poñen nos mesmos lugares nos que o crego lles pon as uncións ós cren-

tes: mans, pés, boca, oídos, testa e peito; só que o crego unta eses lugares para limpálos de pecado e a bruxa para impurificálos; os pés porque leva ó lugar do pecado, as mans porque con elas se fan tantas obras pecaminosas, a boca porque pronuncia palabras, o oído porque as escoita e a testa e o peito porque representan o pensamento e a vontade. Unha vez que a bruxa se unta co ungüento maléfico, convértese nun ser impuro, nun ser satánico, nun espírito do mal. Como espírito que é, pode voar, tamén pode pasar pola pechadura dunha porta, por un buraco ou pola cheminea. Como medio de transporte para voar, utiliza unha vasoira, unha rella de arado ou un cazo; a vasoira porque é o obxecto máis sucio e máis impuro da casa; a rella porque é de ferro, metal asociado co demo porque se oxida e corrompe; o cazo ou outro cacharro da cociña porque está asociado coa muller e esta co demo, por iso se fala máis de bruxas ca de bruxos. A bruxa leva a cabo todo o que o cristián ten prohibido: minte, mata, comete adulterio e incesto e provoca tempestades e pedrazo. Leva a cabo toda clase de males. No que respecta á imaxe de mala persoa, a bruxa é un ser imaxinario. Pero esta imaxe pódese aplicar a persoas reais ás que se considera malas. Cando unha persoa acusa a un veciño de bruxo, estao acusando de mala persoa. O temor a ser acusado de bruxo, forza á xente a comportarse do



acordo coas normas establecidas. A sociedade supersticiosa utiliza defensas para protexerse das accións perniciosas das bruxas: allos, figas (puño pechado no que o dedo polgar se introduce entre o índice e o anular), cornos de vacaloura, cruces, evanxeos, auga bendita e outros elementos relacionados coa natureza ou a relixión católica que son protectores espirituais ou simbólicos empregados contra as actuacións destes seres. A bruxería, pois, lonxe de ser unha superstición absurda, cumpre unha importante función social como medio de control. Tamén serve para explicar os males acontecidos por azar, por causa descoñecida. Unha das características das malas persoas (bruxas) é que enganan. Así como o anxo do mal, o demo, se viste de anxo da luz, os bruxos sempre finxen ser cristiáns exemplares. De aí que a xente de cultura tradicional sospeite especialmente de quen, como os cregos e curandeiras ou santas,



desempeña un papel cargado de sacralización. Polo tanto, a meiga (a médica) acabou identificándose coa bruxa (xeralmente asóciase á meiga con significados positivos e á bruxa con negativos). Deste xeito distínguense dous tipos de curandeiras que se corresponden cos dous sistemas médicos existentes na cultura tradicional: a curandeira médica e a bruxa curandeira. A curandeira médica actúa segundo os principios da medicina natural que non é outra que a medicina hipocrática que a estudian os médicos nas facultades europeas ata o

século XVIII; receitándolle ó enfermo plantas e carnes que o deben curar polos seus efectos naturais. Pola contra, a bruxa curandeira, ou simplemente bruxa, cura por medio de esconxuros e mediante o uso de defensas simbólicas. Non precisa dun longo proceso de aprendizaxe. Precisa ter man, necesita ter poder, poder que é de orixe divino. Nos seus esconxuros repiten que non

curan a través do seu poder nin da súa sabedoría, senón “polo poder de Deus e da Virxe María. Esta elección divina márcana con certos signos: ter no padal da boca unha cruz ou a roda de santa Catalina; nacer nun día especialmente santo, coma o día do Nadal; falar no ventre da nai, etc.. Realizan os seus ritos nas igrexas, nos cruceiros e noutros lugares santos. Cando actúan na súa casa, procuran que sexa nun ambiente cargado de sacralización, con cruces, estampas, imaxes de santos, candeas, incenso, etc.. tratan o meigallo, o mal de ollo, o mal de aire e outras enfermidades de tipo psíquico ou psicosomático. Non son,

pois, os substitutos populares dos médicos senón dos psiquiatras e psicólogos. Na actualidade, en Galicia existen, ademais dos dous tipos de curandeiros tradicionais outros moitos, algúns deles importados. Empregan o magnetismo, a curación por medio de barro, o espiritismo, o vudú e outros rituais afroamericanos. Cada vez cobran máis forza as artes divinatorias, sexa coa baralla española ou co tarot.

5ºA.


OS COGOMELOS VELENOSOS

Os cogomelos corresponden a diversas especies de fungos superiores. Poden ser comestibles ou venenosos. Destes últimos son dos que imos tratar neste traballo.

Hai moitas especies de cogomelos venenosos, máis de dúascentas. Algunha delas tan perigosas que poden causar a morte, outras provocan problemas de intoxicación e indigestión e outras moitas non poden ser consumidas debido ó seu mal fedor ou sabor.


Existe un pequeno número de especies venenosas que debemos ter en conta porque son mortais e entre elas podemos citar: Oronxa verde (*Amanita phalloides*), Oronxa branca (*Amanita verna*), Amanita fedorenta (*Amanita virosa*), Cortinario fulmíneo (*Cortinarius orellanus*), Lepiota de carne vermella (*Lepiota helveola*), Galera rebordada (*Galera marginata*), Bonete (*Gyromitra esculenta*), Boletito de satanás (*Boletus satanas*) ...

Clinicamente existen catro cadros de intoxicación bastante típicos:



Cortinarius semisanguineus

Síndrome phalloides – Provocado principalmente pola *Amanita phalloides*. Os síntomas de intoxicación aparecen entre as oito e as vinte e catro horas despois de habelo consumido e na maioría dos casos provoca a morte do enfermo.



Síndrome panterínico – Provocado en particular pola *Amanita pantherina*. Con síntomas parecidos ós producidos pola *Amanita phalloides*.

Síndrome muscárido – Provocado principalmente pola *Amanita muscaria*. Preséntase ás dúas horas de habelo consumido e provoca danos bastante graves que van acompañados de alucinacións.

Micetismo benigno – Preséntase de media a dúas horas despois de consumir algunhas especies e provoca no paciente dor de cabeza, diarreas, vómitos, etc. de pouca gravidade.

Para evitar problemas con estes cogomelos tan perigosos e interesante ter en conta algúns destes consellos.

- **Non fagas caso de moitos ditos populares** como os seguintes:

“Se unha lesma comeu un cogomelo, este pódese comer”. Isto é falso: as lesmas buscan á *Amanita phalloides* e é un cogomelo mortal.

“Os cogomelos que cambian de cor son tóxicos”. Isto é falso: o níscolo, *Boletus erythropus* ... cambian de cor e son comestibles.

“Se pos a cocer unha moeda de prata cos cogomelos tóxicos, a moeda negrex”. Isto é falso: coa *Amanita phalloides* non se volve negra.

“Os cogomelos de sabor doce e perfume agradable son comestibles”. Isto é falso: a *Amanita phalloides* é doce.

“Os cogomelos que teñen anel son comestibles”. Isto é falso: a *Amanita phalloides* ten anel e é mortal.



Amanita phalloides

- En caso de dúbida non debes recoller o cogomelo; “arriscas a túa vida”.
- A mellor forma de coñecer os cogomelos é deixarse guiar e aconsellar por un experto na materia.

A continuación facemos a descrición dalgún dos cogomelos máis perigosos.

Oranxa verde (*Amanita phalloides*).

Características :

Sombreiro: de ata 15 cm de diámetro, primeiro hemisférico e máis tarde aplanado .

Cor: varía de verde oliva o verde amarelento, tamén pode ser branca .

Cutícula: presenta fíbrilas radiais máis escuras. Sedosa e algo viscosa coa humidade

e no tempo seco satinada. A miúdo cuberta por anacos de volva membranosa .

Láminas: tupidas, libres e de cor branco .

Pé : amarelento-verdoso moi claro e coa superficie rugosa. A súa parte inferior é bulbosa e está recuberta por unha gran volva membranosa.

Anel: colgante e non sempre presente .

Carne: branca, con perfume case nulo, desagradable ó envellecer .

Esporada: branca

Hábitat: desde finais de verán a mediados de outono, en todo tipo de bosques . É unha especie abundante, máis rara baixo coníferas.

Posibilidade de confusión: co *Tricholoma sejunctum* e con algunha *Russula* verde.

Comestibilidade: é mortalmente velenosa.

Boleto de satanás (*Boletus satanas*)

Características :

Sombreiro: de ata 30 cm de diámetro, groso e compacto, primeiro esférico co marxe enrolado, despois convexo e aberto na madurez.

Cutícula: de cor branco agrisado a verde-oliváceo.

Tubos: largos, amarelos e amarelo-verdosos na madurez.

Poros: primeiro amarelos, despois alaranxados e finalmente vermello.


Pé: curto, groso e con tonalidades vermellas.

Carne: compacta, branca e ás veces algo amarelenta.

Esporada: de cor oliva.

Hábitat: aparece en bosques de folla caduca, con preferencia en solos calcarios. De verán ó outono.

Posibilidade de confusión: co *Boletus rhodoxanthus* e co *Boletus calopus*.



Boletus satanás


Comestibilidade: velenoso en cru e indixesto despois de cocido.

Ana, Cati, Cintia, Éstrella, Laura, Sandra 5º B.

OS COGOMELOS COMESTIBLES

Os cogomelos son fungos superiores que constan de varias partes: sombreiro ou gorriño, pé, base, himenio e micelio, anel ...

No debuxo están sinaladas as diferentes partes dun cogomelo.



Os cogomelos poden vivir en diferentes ambientes. Os micorrízicos (que forman micorrizas) viven unidos a determinadas especies de plantas, xeralmente árbores e arbustos (simbiose). Nesta simbiose, ambas partes sacan proveito e, a veces, incluso están obrigados a depender unha da outra. Noutros casos parasitan a outras especies e a correspondencia entre parásito e hospedante pode levar á morte do ser atacado.

A causa do valor culinario de algúns destes fungos, estas especies encontráanse sometidas a unha desmesurada recolección, unida xeralmente á destrución das que non se coñecen, polo que actualmente en moitos países miráronse obrigados a prohibir a recolección en certas áreas para protexelas especies.

Existen moitos tipos de cogomelos: velenosos, comestibles, de pouco valor culinario ... pero os afeccionados a micoloxía buscan sobre todo os fungos comestibles de gran valor culinario, entre eles: *Amanita caesarea*, *Amanita rubescens*, *Lepiota procera*, champiñón

silvestre, rússula, níscalo, cantharellus, *Boletus edulis*...

O recolector de cogomelos á hora da recoleita debe ter en conta os seguintes consellos:

- Debe cortar o pé dos fungos cunha navalla, para non danar o micelio e poder recoller ó seguinte ano novos cogomelos.
- Non usar recipientes pechados. Utilizar cestos de vimbios (se teñen buratos mellor) porque así os fungos reciben o aire e non fermentan.
- Para limpar os cogomelos non se deben somerxer en auga xa que perden o seu aroma. É mellor utilizar unha esponxa, un cepillo ou un coitelo ben afiado.
- Non se debe recoller tódolos cogomelos dunha zona deixe sempre algúns para que así se dispersen as súas esporas, e permitan a reprodución.
- Se non está seguro de que un cogomelo é comestible, non o colla e se xa o colleu, tíreo.
- Non consuma cogomelos fermentados, incluso os comestibles poderían ser indixestos.
- En caso de mínimo malestar ou intoxicación, non o pense e acuda rapidamente o médico.

A continuación imos facer a descrición dalgunha das setas máis interesantes.



Cabaza (*Boletus edulis*)

Características:

Sombreiro: de 5 a 25 cm de diámetro, carnoso, de hemisférico a convexo e finalmente, na madureza, afundido e acopado. De color algo variable entre pardo claro e pardo ocráceo, pero sempre co borde máis claro.



Tubos: largos e libres, brancos nos exemplares mozos, largo amarelado para pasar o final a amarelo verdoso.

Poros: coa mesma coloración, o principio cerrados e finos, despois redondeados.

Pé: superficie branca, robusto, macizo, de moza moi gordo na base, para pasar progresivamente a cilíndrico.

Esporada: pardoolivácea.

Hábitat: común nos bosques de alta



montaña, sobre chan silíceo. Desde o verán ata mediados de outono.

Posibilidades de confusión: co *Boletus aestivalis*.

Comestibilidade: moi bo comestible, apreciado nos países europeos.

Xeneralidades: *edulis* significa comestible.

Níscalo. (*Lactarius deliciosus*)

Características:

Sombreiro: de 5-15 cm de diámetro, ó principio semiesférico, logo estendido e finalmente embudado. De cor laranxa con zonas concéntrica máis escuras. Cando se avellenta ou se roza tinguense de verde.

Láminas e laminiñas: decorrentes, delgadas, apertadas e de cor alaranxado-vermello.

Pé: cilíndrico, oco e do mesmo cor co sombreiro.

Carne: dura, con cheiro agradable e do mesmo cor cas láminas.



Leite: alaranxada.

Esporada: de cor ocre claro.

Habitat: moi común en España, especialmente en Cataluña. Aparece no outono en piñeirais e bosque mixto.

Posibilidades de confusión: confúndese co *Lactarius chrysorrheus*.

Comestibilidade: moi apreciada e buscada. Xeneralidades: *deliciosus* significa "delicioso".

Ángel, Iago, Darío, Lino, Ventura. 5º B.

OS COGOMELOS NA COCIÑA

Os cogomelos utilízanse desde fai moitos anos, aínda que non sexan moi nutritivos. Teñen vitaminas A, B₁, B₂, B₃, etc. Un quilo de carne de boi ten un poder nutritivo igual a corenta quilogramos de rebozuelos. O cogomelo máis nutritivo é o cogomelo de sementeiro, rico en oligoelementos, ferro, silicio, xofre, magnesio e vitaminas. Se non tiveran bo cheiro non se tería aprecio por eles e consideraríanse como unha simple materia fibrosa.

Se queremos utilizar cogomelos para cociñalos podemos ir ó monte e recollelos na natureza ou buscalos no mercado xa que se poden atoparse en diferentes presentacións:

Ó natural: tal e como se collen no campo ou os cultivados coma o champiñón ou a seta de ostra.

Enlatados: en conserva ó natural ou cociñados.

En vinagre: metidos en bote e conservados neste mesmo líquido.

Conxelados: ó natural ou cociñados.

A continuación imos presentar unhas receitas de cociña.

COELLO CON COGOMELOS.

Ingredientes

1 coello, ½ Kg. de cogomelos, 3 dentes de allo, 1 limón, loureiro,

aceite, sal, pementa, noz moscada, perexil, fariña, manteiga.



Preparación


Poñer aceite nunha tixola e refogar a carne picada, os allos enteiros, o loureiro, noz moscada ben raiada, pementa e sal. Deixar que se faga durante uns 20 minutos. Limpar os cogomelos, picalos en anacos e engadilos á carne. Retirar os allos e picar un pouco de perexil. Fritir á parte unha culleradiña de fariña nunha pouca manteiga e

engadirlla ó prebe para que espese. Asperxir todo co zume do limón, deixalo cocer durante 10 minutos e servir.

SALTEADO DE POLO E COGOMELOS.

Ingredientes

3 polos pequenos, 200g. de cogomelos, 300 g. de patacas, 6 dentes de allo, 2 dl. de aceite, pementa, sal.



Preparación

Picar as patacas como para tortilla e cortar os cogomelos en cuartos. Tallar os polos en cachos pequenos. Poñer o aceite o lume nunha tixola grande e picar nel os allos; cando comece a fritirse botar os polos, os cogomelos e as patacas. Sazonar con sal e deixar que a carne se dore con pouco

lume. Espolvorear perexil picado e pementa, deixalo facer un pouco máis e servir.



REVOLTO DE COGOMELOS.

Ingredientes

10 ovos, 750 g. de cogomelos, 50g. de xamón, perexil picado, aceite, sal.

Preparación

Quentar dúas culleradas de aceite e refogar os cogomelos co xamón e o perexil picado. Deixar que se fagan ata que estean tenros e despois escorrellos ben. Botar os ovos sen bater, engadir os cogomelos e dar cunha culler de madeira unhas cantas voltas ata que o revoltado estea feito.

SOPA DE COGOMELOS.

Ingredientes

- 1 litro de caldo, 250 g. de cogomelos distintos (russulas, lactarius, coprinus, etc),
- 1 cebola, 50 g. de Armillariella mellea, pementa, sal.

Preparación

Ponse a ferver o caldo e cando estea ben quente bótanse tódolos cogomelos coa cebola picada e se se quere un algo de perexil. Déixase cocer ata que os cogomelos estean ben tenros e sérvese ben quente.

PATÉ DE COGOMELOS.

Ingredientes

- 50 g. de manteiga, 200 g. de cogomelos dunha especie ou varias,
- 1 cebola, 1 xema de ovo, un pouco de trufa, 1 culleradiña de coñac, pementa branca, herbas aromáticas, sal.

Preparación

Poñer aceite coa cebola ben picada e facela a punto de dourar. Botar os cogomelos picados en láminas e deixar que se fagan a modiño nunha cazola tapada co seu sal correspondente. Quitálos brandiños e tirarlle o zume que quede. Botar a manteiga, a xema de ovo, o coñac e a trufa e bater ben ata que se forma unha pasta espesa. Adóitase presentar en tarriños de barro.

**Aarón, Andrea, Eloy,
Iris, Nerea, Sara. 5ºB.**




O CAMIÑO DE SANTIAGO

¿COMO EMPEZOU?

En Galicia, no ano 813, encontraron unha tumba e descubriron que era Santiago o Apóstolo. Antes a xente cría moito nas reliquias e en Deus. Ese descubrimento era moi importante e empezaron a contalo tamén fóra de Galicia. Para unha pouca xente que viña velo fixeron unha capela, aínda que ó final veu tanta xente que tiveron que cambiar a capela por unha catedral (a catedral de Santiago).


A xente que viña de Francia e de outros lugares pasaba moitos perigos, perdíase, feríanse... Chegaban cansos, con fame, con feridas nos pés... e, sen embargo, aínda nestes tempos seguen vindo. Había xente que se perdía, pero cada vez viñan máis.



sombreiro


Como a xente corría perigo, empezaron a tomar medidas e, por iso, construíron mosteiros e albergues, onde os peregrinos podían durmir, hospitais, onde se curaban os enfermos ou os que se facían feridas. Tamén comezaron a vir por grupos, que era moito menos perigoso que vir só. Para que o tempo lles cuadrase mellor, empezaron a vir en primavera. Puxeron unhas cruces que lles servían como sinais para non perderse e así aínda máis cousas que facían que os peregrinos viñeran con máis facilidade e sen pasar tantos perigos.

¿QUE LEVABAN?




capa

Os peregrinos levaban roupa curta que lles permitía moverse ben. Solían levar tamén unha capa de coiro que usaban de chubasqueiro e contra o frío. Tamén levaban un sombreiro que lles servía de moita axuda nos sitios onde daba moito o sol.



bastón

As cousas importantes levábanas nunha mochila, a auga nunha cabaza que lles servía de cantimplora e, ademais, levaban un bastón que tiña unha punta de ferro que lle servía para cravar no chan e apoiarse nel nunha costa ou ó pasar por lama, pero tamén lles servía para defenderse.



mochila

Andrea Bacelar 6º A.

CONTOS

GUSTARÍAME SER UN- HA SEREA

Gustaríame ser unha serea porque vive no mar e a min gustaríame vivir no mar porque hai moitos peixes e case todos teñen as cores do arco da vella...



A parte diso tamén hai algas. Son prantas como temos nós, pero son distintas porque elas viven no mar, nas profundidades e non che poden dicir máis porque eu non son unha serea. Teño que preguntarlle a elas, seguro que saben todo o que hai que saber do mar.

Bueno, tamén me gusta ser unha serea porque elas teñen unha fermosa cola e non nos esquecemos das súas escamas.

Se alguén é unha serea ¡que sorte ten!, porque as sereas aguantan moito tempo debaixo da auga xa que naceron así. ¡Canto me gustaría ser como elas! Así podería observar atentamente ós peixes de cores.

No mar hai un montón de cousas por descubrir: medusas, cangrexos, tartarugas de mar...


Vouche contar algo das medusas: sei que son como uns quitasoles e que pican.

Aida 2º B.

TAD E TOD

Tad e Tod son dous ratiños pequenos e moi amigos. Estaban esperando a que cegasen as vacacións para ir pasear polo campo.

As vacacións chegaron e eles moi ledos colleron as súas mochilas e comezaron un día marabilloso. Todo ía moi ben ata que ó lonxe viron que se acercaba un gato. Decidiron apurar un pouquiño para que o gato non os colleira, pero o gato xa os vira e comezou a correr. Os ratiños trataron de fuxir. Un deles, Tad, subiuse a unha árbore pero Tod, que estaba máis atrás, vendo que o gato se achegaba, decidiu facerse o morto, pensando que así o gato pasaría del e marcharía. Cando chegou o gato mirouno e dixo:



— Este rato ten mal aspecto. Marcharei a ver se atopo outra cousa mellor.

Cando marchou, Tad baixou da árbore, achegouse ó seu amigo e díxolle:

— Ti si que tiveches sorte.

— Eu tiven sorte, pero non gracias á túa axuda.

MORALEXA: Os amigos son aqueles que che axudan nos peores momentos.

Rebeca Agulla P. 5ºA.

UN EXEMPLO DE TOLERANCIA.

Don Ismael era un trasno intelixente, hábil, tolerante e moi xusto e responsable, que vivía nun pobiño de trasnos situado no claro dunha fraga de Cabo Udra, grande e chea de vexetación.

Era o xefe do pobo, e o seu único recurso para vivir durante todo o ano era o castiñeiro que lle proporcionaba os froitos cos que facían os purés para os seus fillos e as castañas asadas que



comían eles.

Pois ben, resulta que un día gris de novembro, en plena colleita, como cada día don Ismael foi revisar como ía todo na fábrica de castañas. Cando chegou, o xefe dos obreiros moi alarmado, comentoulle:

- Bos días don Ismael, témome que este ano imos morrer de fame porque un esquío roubounos as castañas recollidas.

Don Ismael, que nunca se precipitaba cando tiña que tomar decisións, contestou:

- Primeiro intentaremos falar con el, e se non chegamos a un acordo, trazaremos un plan que o faga razoar.

Ó chegar á copa da árbore, petaron na porta do ladrón e cando esta se abriu, descubriron ó lambón esquío comendo as súas castañas.

- Devólvenos as nosas castañas e aquí non pasou nada – díxolle don Ismael.

- ¡Ha, ha, ha!, e quen me vai a obrigar... ¿vós? – respondeu o esquío.

- Non, nós non imos utilizar a forza, pois somos trasnos civilizados pero de mostráremosche o que sinte un cando lle rouban o seu.

E aquela noite roubáronlle unha castaña e escondérona no medio dunhas silvas e despois repetiron o proceso unhas cantas veces máis.

Ó cabo de varias semanas o esquío apareceu na casa suplicándolle que lle dera comida e cando don Ismael o viu, en lugar de burlarse del, contestoulle:

- Compartiremos a comida pero debes ser bo con nós e co resto dos animais do bosque.

Esta foi a razón de que a don Ismael, a partir dese momento, o alcuamaran : o “XUSTO”

Angel M. Torres 5ºB.


A NUBE VIAXEIRA

Vouvos contar unha historia que lle ocorreu a unha nube de cor rosa que se chamaba Algodón.

Sempre miraba para o patio dun colexio e vía nenos xogando, chorando, merendando..., pero víos pequeniños. Para velos mellor baixou á terra. ¡Todos levaron un susto!. Ó tocarlle convertíronse en nubiñas de moitas cores. Despois de xogar, subiron ó ceo para botarnos chuvia cando facía falta e, cando non, brincaban e miraban as paisaxes desde arriba.

Entón o colexio quedou sen nenos e, como chegaron a España moitos emigrantes, trouxeron ós nenos para ese colexio que se chama “AMIGUIÑO”.

Desexámoslles que sexan tan felices nel como fomos nós.



3º B.

MILÚ E O SEGREDO DO



UNICORNIO BRANCO.

Fai moito tempo existía un animal un tanto raro, chamábase Milú.

Vivía nunca pequena cabana, non tiña cousas de valor nin tampouco amigos.

Un día cando saiu a cazar, viu unha cousa estraña, era como unha gran luminosidade, e tamén unhas escaleiras de cores cara ó ceo.

Milú acercouse a el, era un unicornio branco e reluciente, Milú e o unicornio comenzaron a falar.

Cando remataron a súa fala xa eran amigos.

Milú estaba moi contento porque ademais de quedar con el para outro día , era o unicornio o seu primeiro amigo.

No seu seguinte encontro co unicornio Milú preguntoulle:

_ ¿ Onde vives?

_ É un segredo. Contestou o unicornio.

Entón Milú seguiu facendolle preguntas:

_ ¿ Como te chamas.?

_ Chámome Umbreón. Contestou con sinceridade o unicornio.

_ ¡ Que bonito ¡. ¿ Quen che puxo ese nome?.

_ Foi no Ceo. Pero non cho debía dicir.

_ ¿ Entón vives no Ceo?

_ Si.

_ ¿ Aquelas escaleiras son polas que subes?

_ Si.

_ ¿ Podo subir eu contigo para coñecer como é o Ceo?

_ Non creo. Pero podes intentalo.

-- Dacordo.

E quedaron para o día seguinte.

O seguinte día Milú e Umbreón intentaron subi-las escaleiras, e logo de moitos esforzos por parte de Milú e gracias a axuda de Umbreón poideron alcazar o Ceo, onde había un inmenso e fermoso castelo que Umbrón mostroulle a Milú presentándollo a tódolos seus habitantes.

Milú pronto fixo moitos amigos e de acordo con Umbreón decidiu quedarse a vivir alí para sempre.

4º.


O BAILE DUN SÓ ZAPATO.

Érase unha vez unha nena que vivía nun pobo en que tódolos anos facían unha festa no inverno. E tódolos anos non podía ir porque non tiña zapatos. Ela sempre estaba triste porque os anos que non chovía as súas amigas pasábano moi ben.

Aquel inverno non caía unha gota de auga e Patri , que así se chamaba a rapaza, xa estaba triste e preocupada coma sempre.

Unha mañá ía polo camiño do pobo cando tropezou con algo. ¡Non o podía crer, era un zapato¡ . Patri pensou que bo sería se encontraba o outro pero por moito que buscou este non apareceu.

Patri co zapato na man , e cansa de tanto buscar , sentouse nun madarrón e púxose a pensar que podía facer con aquel zapato. Pensou e pensou ata que se lle ocorreu que podía dicir que tiña un pé ferido e poñéndolle unha venda podía ir cun pé calzo e o outro non.




Pasaron os días e chegou a festa e alí foi Patri co vestido lavado, dúas trenzas con dous lazos de cores, co zapato nun pé e o outro vendado. E cando a xente lle dicía como bailaba tendo como tiña o pé, ela contestaba:

É que xa está case curado.

Desta forma solucionou o seu problema Patri para aquel ano, e agora pasa o tempo pensando que fará para o ano que vén.

4°.

DOUS CANS QUE SE ENFRONTARON.



Érase unha vez dous cans que se levaban moi ben, sempre se deixaban as cousas e dábanse comida un o outro.

Un dos cans chamábase Pol e o outro Miko. O seu dono era Pablo.

A súa boa relación tivo un cambio un día que Pablo lle fixo unha proposta:

— Quen encontre antes o moneco co que xogades, sempre cheirando e sen mirar, en vez dunha bandexa de comida dareille dúas.

Nada máis dicir iso o amo, entrou na perreira e atoulle unha venda nos ollos a cada can para que non miraran. Soltounos e os dous cans empezaron a buscar o moneco.

En vez de buscar os dous xuntos como facían sempre, esta vez cada un buscou polo seu lado, e cando se atopaban poñíanse a ladrar e a pelexar.

Nun deses encontros a pelexa foi terrible e logo de moito tempo Miko resultou vencedor deixando a Pol tirado no chan.

Durante a pelexa a Pol caéralle a venda que tiña nos ollos. Ó quedar tirado no chan notou algo duro debaixo del. Con moito coidado levantouse e mirou o que era eso que o molestaba.

— ¿Que será?— pensaba Pol mentras dirixía a súa mirada a esa cousa.

E era o moneco.

Como nese momento Pablo, o amo, non estaba alí, Pol esperouno.

¿Pero que pasaría se Pablo mirara a Pol sen venda?.

De súpeto chegou Pablo.

Pol escondeuse detrás da perreira antes de que o vise Pablo. Pablo foi comprobar se o moneco seguía onde el o deixara pero xa non estaba e tamén se decatou de que faltaba Pol.

Entón púxose a buscalo. Foi mirar primeiro pola parte de diante da casa, e non o mirou. Foi mirar á veiga pero tampouco estaba alí. No xardín tampouco estaba. Diante da perreira tampouco. Dentro e nada. Ata que mirou detrás e alí estaba Pol sin venda e co moneco na boca.

Pablo estivo pensando como lle caería a venda, e como non se lle ocorría ningunha resposta cumpriu o prometido e deulle a dobre ración de comida.

Desde entón os cans lévanse mal e cada vez que Pablo lle da a Pol a ración dobre Miko quérrela quitar e volven pelexar.

4°.



XOÁN E O SEU IRMÁN PEDRO

Había unha vez dous irmáns chamados Xoán e Pedro. Un día foron ó parque e atoparon uns gatiños pequenos e Xoán díxolle a Pedro:

- ¿Levámo-los gatiños connosco?
- Vale – respondeu Pedro.



Despois de que os gatiños xa crecieran, Xoán e Pedro dábanse conta de que non estaban na súa casa. Preocupados, foron buscalos.

Foron ó parque, ás tendas... pero, nada, non os atoparon.

Ó día seguinte acordoulles que non foran mirar á casa da súa veciña Laura. Eles, moi impacientes, foron mirar. E alí estaban os gatiños.

Marcharon para a súa casa moi contentos.

Así aprenderon que hai que estar pendientes dos animais.

Inés Graña Santos 5ºA.

O RAPAZ E O DONO DO CIRCO

Nunha pequena vila chamada Bueu había un rapaz de nome Roi. Os seus pais traballaban día e noite nunha empresa e nunca tiñan tempo para dedicarse a el. Así que Roi ía comer cando quería e sempre estaba xogando cos seus amigos.

Tiña unha cabana en Bon onde pasaba moito tempo.

Un día Roi paseaba polas rúas de Bueu e viu un cartel que poñía: “CIR-

CO”. Foi lelo e dicía: “Próximamente en Bueu, o día 3; “*O Novo Circo Alegría*” con funcións ás 16:30 e ás 19 horas”.

Entón a Roi pareceulle boa a idea e quedou cos amigos para ver unha das funcións. Roi levaba cartos para comprar as entradas de todos e tamén para palomitas.

Ó chegaren á porta, o dono do circo díxolles que entraran e que gardaran a entrada para o sorteo. Ocuparon os seus asientos e agradaron a que comezara o circo.

A función comezou con pallasos, malabaristas, domador de leóns... Os rapaces estaban moi contentos. Gustáballes todo moito e estaban pasando a mellor tarde da súa vida.

Por fin, no descanso, chegou o sorteo. O dono do circo dixo o número premiado, que era o 35. Un amigo de Roi saltou de alegría. Era o gañador do premio que consistía en pasar unha tarde con eles no circo e mirar como funcionaba por dentro.

Cando terminou o circo todos aplaudiron moito e saíron moi contentos, encantados da tarde tan divertida que pasaran.

Antes de marchar o dono do circo parounos e convidounos a unha festa para o día seguinte. Fóronse cada un para a súa casa a durmir.




Ó día seguinte volverían visitar á xente do circo e pasar con eles o último día, xa que se marchaba para outra cidade.

Roi contoulle ós seus pais como pasara o día e os pais alegráronse moito de velo tan feliz.

Hugo Bacelar M. 5º A.

A MARIQUITA LAIKA



Había unha vez unha mariquita chamada Laika, sempre estaba a rir e a facer ruído coas súas ás. O que máis lle gustaba era facer surf nas ondas da praia de Menduiña, cando escapaba da súa nai, que se poñía moi nerviosa ó ver a Laika facendo equilibrio sobre a táboa de planchar a piques de esmagarse contra as ondas.

Laika quería ter unha casinha para ela soa, unha mañá colleu tódolos seus aforros : cinco landras, tres cogumelos, unha pluma de bubela e sete botóns, e foise comprar madeira para construír a súa casa. Colleu polo camiño do río, un camiño un pouco escuro e cheo de ruidos, pero polo que se chegaba antes. Na carpintería pediu madeira para facer as paredes, dúas portas e cen cadeiras, quería ter moitas cadeiras.

¿Por que quería ter moitas cadeiras? porque quería recibir na súa casa moitos amigos. O carpinteiro deulle o que ela lle pediu, Laika meteu a man debaixo da á para colle-los cartos... esfumáranse, non tiña nin un mísero can.

A mariquita decidiu ir busca-los cartos polo camiño do río. Andando, andando atopouse cun unicornio, deulle tanto medo que escapou correndo. Laika, aterrizada, escondeuse a chorar debaixo dunha folla, tanto chorou, tanto chorou, que sen darse conta quedou adormecida. Cando espertou tiña ó seu carón unha formiga, esta preguntoulle :

– ¿Por que choras? ¿Que che pasa?.

Laika respondeulle :

- Perdín os cartos cos que ía comprar madeira para facer unha casa, e non sei onde os perdín.
- Non te preocupes - díxolle a formiga - eu pódote axudar. Iremos falar coas ninfas do lago.

E foron ó lago a falar coas ninfas. Estas dixéronlle :

- ¿A que vides?
- Vimos falar con vós dun problema importante. É que perdín os meus cartos polo camiño que vai á carpintería polo río e por iso estamos aquí, porque queremos que nos axudeades a atopalos.

E as ninfas do lago respondéronlle:

- Vale, imos buscalos.

Entón Laika, como tiña frío meteu as mans debaixo da outra á e deu cos cartos, aínda que con vergoña díxolle ás ninfas do lago:

- Moitas gracias, tedes que perdoar, pero xa din cos cartos, estaban debaixo da outra á.

Entón Laika foi correndo á carpintería e atopou un humano no camiño que era moi bo.

- ¿Onde vas? -preguntou o humano.
- Vou á carpintería -contestou Laika- a buscar táboas para facer a miña casinha.
- Eu teño moita madeira, se queres pódote dar algunha.

O humano deixoulle unha pouca madeira para que Laika, a mariquita, foxe construír a súa casinha nun bosque precioso e sen perigos e ó rematar invitou ó humano, á formiga, ás ninfas do lago, ó carpinteiro e á súa nai a almorzar, a comer, a merendar e a cear.



E colorín colorado, este conto rematou e quen non levante o cu quedaráselle pegado.

1º CICLO.

XOGOS POPULARES

EMPURRAR CO NARIZ

Material: Balóns.

Desenvolvemento:

Equipos en ringleira (5 a 8 nenos). Percorrido de 5 a 10 mts. Ó sinal, o primeiro de cada equipo, en posición de cuadrupedia, terá que percorre-lo traxecto fixado levando o balón empurrando co nariz. Ó remata-lo primeiro faranno os demais membros do equipo.

- Gaña o que remate primeiro

SEGUI-LA NAI

Desenvolvemento:

Terreo variado e con calquera tipo de elementos ou aparellos dispersos pola zona. Grupos pequenos de nenos en ringleira (4-5). O primeiro da fila fará de “nai”, e fará un percorrido variado por todo o terreo (saltando, subindo, sorteando, en definitiva, os obstáculos de forma diversa). Os demais, detrás dela, imitarán tódolos seus movementos e xestos.

- Despois de cada percorrido trócase a nai.

O ESCONDITE INGLÉS

Material : Parede ou calquer outro sitio onde apoiarse

Desenvolvemento:

Un xogador colócase de espaldas, cara á parede. O resto, a uns 20 m. del. O xogador que está cara á parede dirá en esta posición: “1,2,3, o escondite inglés”, mentres tanto os demais avanzarán cara á parede. Ó remata-la frase débense

parar. O que liga voltarase e observará se alguén se move. O que o faga volta á liña de saída.

- Gaña o primeiro que chegue; o último dirixe o xogo.


PITA CONXELADA

Desenvolvemento:

Tódolos nenos dispostos libremente polo terreo. Un fai de perseguidor e tentará tocar ós seus compañeiros; o tocado terá que quedar “conxelado” no sitio onde lle deron a pita coas pernas abertas.

Os compañeiros libres poden salva-los tocados se lle pasan por entre as pernas. A cada minuto cámbiase de perseguidor.

TODOS CONTRA UN



Desenvolvemento:

Tódolos xogadores dispostos libremente polo terreo de xogo. O mestre dirá un nome en voz alta e todos van detrás del, axiña dirá outro nome e todos cambiarán de perseguido.

O TIRAPEDRAS

Material : os tres elementos de tirapedras son: unha pequena póla de árbore ou arbusto con forma de “Y” grego; unha tira de goma ben flexible; e, por último, un anaco de goma máis resistente, que pode substituírse por unha peza de coiro ou un cachiño de neumático. Para a construción precísase unha pequena navalla, e como proxectís, pedriñas ou outras pequenas boliñas feitas con papel ben prensado, goma de borrar, etc.

Desenvolvemento:


Atopar unha boa peza de madeira é fundamental para a efectividade deste invento. Logo, haberá que labrar as puntas superiores do “Y” para rebaixalas un pouco e atar nelas os extremos da goma elástica que fará de tirador e que levará no medio o reforzo de coiro ou goma máis forte.

Unha vez feito o tirapedras comeza o adestramento e a diversión. O xogador ten que agarralo cunha man –se é destro coa esquerda, e se non ó revés– mentres coa outra vai tirando da goma, suxeitando con dous dedos o proxectil colocado na peza central e tensando todo o posible. Logo deberá soltar cun movemento moi preciso, disparando a “bala”. A práctica é fundamental para acadar un total dominio e poder disparar mentres se corre ó mesmo tempo tralo “inimigo”.

AS CADEIRAS

Material : Ademais das cadeiras, fará falta un radiocasete para poñer música que permitirá o ritmo axeitado ó xogo. Pero se non se conta cun equipo de música os concursantes poden entoar unha canción pactada con anterioridade. O director do xogo fará un sinal cando

queira que todos paren e traten de sentar.



Desenvolvemento:

Hai que dispoñer en círculo as cadeiras, unha menos có número de xogadores. Os participantes fan outro círculo diante das cadeiras e comezarán a camiñar no mesmo sentido, a un sinal do director ou cando comece a soar a música.

Cando pare o radiocasete ou o director faga outro aceno, todos deberán tratar de sentar nas cadeiras. O que non atope asento terá que sentar no colo dun compañeiro. Vaise repetindo o xogo, pero de cada vez vaise eliminando unha cadeira, polo que aumenta en cada rolda o número de xogadores sentados en colo alleo. Séguese ata que quede soamente unha cadeira, e todos os xogadores terminen sentados enriba dun mesmo xogador.

Na súa variante competitiva elimínanse a posibilidade de sentar no colo doutro xogador, polo que quen non dea sentado nunha cadeira será eliminado. A medida que avanza o xogo vanse retirando tamén cadeiras, de xeito que ó final quedarán dous xogadores e un só asento.

AS CHAPAS

Material : En primeiro lugar, non se podería xogar se non houbese chapas, alomenos unha por participante. Os rapaces saben dalgunhas astucias para

facelas máis pesadas e controlables. O máis común é introducirlles lama.

Emprégase un pao para debuxar o terreo de xogo e pódense utilizar moitas cousas para facer os obstáculos: area, pedras, follas...

Desenvolvemento:

A técnica das chapas é similar á das canicas.

Cada participante tira tres veces seguidas, sempre que non perda por guindar a chapa fóra ou por caer nalgunha das áreas de perigo.

As regras deben acordarse en función do trazado e dos obstáculos dispostos.


Se a chapa sae fóra, o xogador terá que esperar de novo a súa quenda para seguir o percorrido desde ese punto.

A zona de morte ou o cárcere obriga ó neno a comezar de novo.

Pódese tentar pasar polos atallos, pero se a chapa sae fóra tamén se deba comezar de novo na saída.

A PELEXA DE GALOS

Material : Terán que debuxarse dous círculos contiguos no chan onde haberán de colocarse os dous xogadores.



Desenvolvemento:

Para comezar a partida, os xogadores deberán situarse dentro dos círculos.

Agachados dentro deles, e apoiados soamente na punta dos pés, teñen que acadar que o contrincante perda o equi-

librio, caia ou pise as liñas do círculo ou fóra deste.

Os contrincantes só poden tratar de empurrar ó rival coas palmas das mans, pero sen tocar a súa cara.

Cómpre dar continuamente pequenos saltos dentro do círculo, xa que deste xeito é máis doado non caer e manter o equilibrio.

Perderá o xogo aquel que sexa derrubado, toque antes o chan coas mans ou poña toda a planta do pé en terra.

ARA

Material : As regras do xogo aconsellan empregar unha mesa con 0,60 x 0,40 x 0,90 metros como medidas, e enriba dela, situar no centro unha ra coa súa boca aberta. O burato que ten o animalíño mide 12 x 4 centímetros. Ó redor da ra existen diferentes buracos que, normalmente, levan un borde de a penas uns milímetros de altura para distinguilos do resto da superficie. Por último, para facer os lanzamentos os xogadores deberán utilizar pellos, que non son outra cousa que uns discos de ferro ou chumbo de 6 centímetros de diámetro por un de grosor.

Desenvolvemento:

O obxectivo é introducir os pellos pola boca da ra e, no seu defecto, por algún dos outros buracos da mesa.

A partida dispútase a un determinado número de puntos. O primeiro que chegue gaña a partida.


Cada unha das aperturas e buracos do xogo ten unha puntuación diferente e está comunicada co caixón de abaixo.

Antes de comezar a partida establecerase o número de tiradas por participante.

Para que os pellos non vaian moi lonxe ou se perdan, a mesa ten levantadas tres paredes que encaixan a superficie de puntuación, salvo na cara onde se ve a ra de fronte.

Abraham Parada e Pablo Piñeiro. 6ºB.

DEPORTES.




Un curso máis e temos xa rematadas as tradicionais competicións, por ciclos, de **BALONMÁN e FÚTBOL-SALA** masculino e feminino que se celebran nos recreos, nas que os equipos gañadores en cada categoría son os seguintes:

BALONMÁN FEMININO:

6ºA.

Jéssica Barreiro Barreiro.
Tamara García Piñeiro.
Rebeca Fandiño Gómez.
Jéssica Lemos Martínez.
Naiara Gómez García.
Sara Mariño Martínez.
Ana Teresa Barros Fernández.
Bárbara Martínez Rodríguez.



FÚTBOL-SALA FEMININO:

4º.

Pablo Alonso Santos.
Mauro Álvarez Martínez.
Jason Díaz Garrido.
Alejandro Dios Domínguez.
Sergio Golobardas Otero.
Miguel Ángel Lemos Martínez.
Emilio Damián Otero Pérez.
Carlos Otero Regueira.
Carlos Pereira Pérez.
Gael Rodríguez Rial.
Moisés Soliño Martínez.
Rei Takasawa García.



BALONMÁN E FÚTBOL-SALA MASCULINO:

6ºB.

Ángel Moital Omil.
Juan Daniel Otero Pérez.
Abraham Parada Otero.
Pablo Piñeiro Mundín.
David Riveiro Barreiro.
Julián Sevilla Piedras.
Jesús Manuel Soage Vidal.
Breixo Vidal Ferradás.

6ºA.

Jéssica Barreiro Barreiro.
Tamara García Piñeiro.
Rebeca Fandiño Gómez.
Jéssica Lemos Martínez.
Naiara Gómez García.
Sara Mariño Martínez.
Ana Teresa Barros Fernández.
Sara Comedeiro Ferradás.

Como triste novidade temos que este ano houbo que suspender o célebre e tradicional Cross de Beluso, que faría a súa XXIV edición, por mor da

entrada en vigor neste ano dunha nova Lei que regula a celebración de actividades deportivas na vía pública. Esta Lei impón unha serie de esixencias e normas que fixeron materialmente imposible, por non dispoñer de tempo e medios, o desenvolvemento desta competición nestas novas condicións.

Por outra parte, e como experiencia piloto, estamos preparando unha Mini-Olimpiada con vistas a coincidir coa celebración das Letras Galegas. Esta Olimpiada está previsto que se realice no campo de fútbol do Beluso, sempre e cando o permita a climatoloxía. A nosa intención é que participen tódolos nenos e nenas do Colexio, desde Educación Infantil a 6º de Primaria. Teremos 2 grandes bloques principais, que serán por unha parte Educación Infantil e 1º Ciclo de Primaria e por outro lado os 2º e 3º Ciclos de Primaria, con distintos xogos e probas para cada un e unha dificultade variable segundo cada idade e Ciclo. Neste intre de elaboración do Fiadeiro aínda non podemos falar de como resultou esta experiencia, pero confiamos en que sexa unha xornada agradable e positiva para todos.

REFRÁNS




De tal pao tal astilla.



**Ollos que non ven co-
razón que non sente.**



**Os de Aldán tiran a
pedra e esconden a**



**A mentira ten patas
curtas**




**Can laudador pouco
mordedor.**



**... martes non te en-
ses nin te embarques**



**Se non queres caldo,
sete cuncas.**



En Abril augas mil.



**Olo por olo, dente
por dente.**

REFRÁNS DO MAR (4º)



- ✓ Coa proa dos barcos márcase o tempo.
- ✓ Se o remo racha polo guión, paga o patrón, se racha pola pala, o patrón paga e, se racha polo luchadeiro, paga o mariñeiro.
- ✓ Meu sogro é moi bo patrón: non sabe diferenciar unha vela dun rizón.
- ✓ Quen é bo patrón, nunca deixa o timón.
- ✓ Onde hai patrón, non manda mariñeiro.
- ✓ Fogo de Frade e vento a bufar, vai o tempo a empeorar.
- ✓ Navegar contra o vento, custa traballo e tempo.
- ✓ Mar en carreiros, auga en regueiros.
- ✓ O mar dá, o mar leva.
- ✓ O que queira medrar, que viva en porto de mar.
- ✓ A mar, ó máis amigo logo o pon en perigo.
- ✓ O que pasa a Marola, pasa a mar toda.
- ✓ Mariñeiro que durme, peixes non colle.
- ✓ Mariñeiro que vai á mar, se non come a caldeirada, mal o vai pasar.
- ✓ Os peixes queren viño, que para auga xa veñen dela.
- ✓ Por ben que che vaia, non cóma-la raia.




- ✓ Quen quere mal a unha veciña, dalle en abril sardiña.
- ✓ Se queres á túa muller morta, dálle

a comer samborca.

- ✓ Golfiños que moito saltan, vento traen e a calma espantan.
- ✓ As fanecas e a solla, na caída da folla.
- ✓ As estrelas a brilar, mariñeiros para o mar.
- ✓ Barco á costa, capitán rico.
- ✓ Barco á sonada, anda de caballada.
- ✓ Barco fondeado, amo amolado.
- ✓ As gaivotas ¡clo, clo! a cantar, norte duro vai entrar.
- ✓ As gaivotas polo alto a voar, sursu-reste vai entrar.

REFRÁNS (3º)

- ✓ A chuvia por San Xoán, tolle o viño e non da pan.
- ✓ En agosto, viño mosto.
- ✓ Por San Xoán a sardiña molla o pan.
- ✓ Marzo marzal pola mañá cara de rosa e pola tarde cara de can.
- ✓ Lúa nova con tronada, quince días de mollada.
- ✓ Polo San Martiño bota o teu alliño.
- ✓ Home refraneiro, home de pouco diñeiro.
- ✓ Quen moitos oficios ten, con ningún se mantén.
- ✓ Setembro ou leva as pontes ou seca as fontes.
- ✓ O melón e a muller son malos de coñecer.
- ✓ Gaivotas por terra, mariñeiros á merda.
- ✓ Ó viño e ó señor hai que recibilos con honor.
- ✓ Labrego barallán, non colle viño nin pan.
- ✓ Home casado, burro amolado.
- ✓ De neno rei, de mozo capitán, de casado burro e de vello can.



PAŞATEMPOS

Adiviñas:


Moi a menudo a ves,
 pensa un pouco con astucia,
 cando está negra, está limpa,
 cuando está branca, está sucia.
 (a rrazapi).

Unha caixiña pequena,
 branca como o cal:
 todos a saben abrir,
 ninguén a sabe pechar.
 (o oov).

Atrás dun penedo
 pariuno súa nai
 correu pola terra
 e casou no mar.
 (o orí).

Desde hai miles de años
 trasportamos moitos homes;
 agora lévannos escondidos
 nos motores dos seus coches.
 (os loscaba).

Completa:



HORIZONTAL:

1. Seguido do 10 vertical, o que lles desexo ó principiar o ano.
10. Existes.
11. Froito seco.
12. Pace nos Andes.
14. Realizan un traballo co liño antes de ir ó tear.
15. Irmán maior de Moisés.
16. Coa seguinte, hipocorístico de Rodrigo.
17. Marchas.
18. Dicir que algo é... quere dicir que é verdadeiro.
20. Ó revés, bondadoso, pero menos.
2. Representación territorial.
22. Paso do cabalo ó revés.
23. Dous romanos.
24. Un trío para asubiar.
26. Poema pola morte dun ser querido.
2. O bolígrafo de toda a vida.
29. Ó revés, despechar.
30. Póñena na boca.



- Non viu vostede o stop? - dille un garda a un conductor.
- Si, vino
- Entón ¿Por que non parou?
- Porque a quen non vin foi a vostede.

VERTICAL:


1. Pónselle a Santa Bárbara cando trona.
2. Habitante do surleste europeo.
3. Estamos, de maneira des-coidada.
4. Cidade mexicana.
5. Nota
6. Poñerá fronte a fronte.
7. Insulto moi corrente.
8. Coma o rato no queixo.
9. Segue a frase inciativa no 1 horizontal
13. Adorno de edificios árabes.
18. Un dos mellores narradores galegos actuais.
19. Publicar
21. Bota aire pola boca
24. Ó revés, sistema de freado.
25. Ó revés, repetición musical.
27. Ó revés, para fumar con pouca nicotina.

- A ver, neno: "Eu pido diñeiro ó teu pai", é tempo presente, pasado ou futuro?
- É tempo perdido.

- Papá, hoxe soñei que me dabas 20€.
- Quédate con eles, fillo, quédate con eles.

Completa cunha letra en cada raia:

Nariz grande _ _ _ _ _
 A cor do ceo cando non hai nubes _ _ _ _ _
 Aparello para medi-lo tempo _ _ _ _ _
 O número de caras dun dado _ _ _ _ _
 Pasatempos _ _ _ _ _
 Instrumento musical _ _ _ _ _
 Porción de terra rodeada de auga por
 tódalas partes _ _ _ _ _
 Cabelleira postiza _ _ _ _ _
 Recta perpendicular que pasa polo punto
 medio dun segmento _ _ _ _ _
 Conxunto de montañas unidas entre si _ _ _ _ _
 Óso máis longo do corpo humano
 _ _ _ _ _



Verónica 6º B.

CHISTES

- ¿Como se chama o ministro de
defensa chino?
- Te Tiro Tiritos
- ¿Como se chama o ministro de
aviación chino?
- Chi Me Caigo Me Escalallo.
- ¿Como se chama o ministro de
pesca chino?
- Caeche Un Chincho
Ochan.
- ¿Como se chama o capitán
do exército árabe?
- Alivén Abala.
- ¿Como se chama o primeiro ladrón
de motos chino?
- Tikito Tumoto.
- ¿Como se chama o mellor porteiro
de China?
- Ni La Cheiro.



Jesús Soage 6ºB.

Di a mestra:

- A ver, vouvos facer dúas preguntas e quen
me conteste a primeira ben, a segunda xa
non ten que contestala. Jaimito, ¿cántos
pelos ten un cabalo?
- Ten 500.857.203 pelos.
- ¿E ti como o sabes?
- ¡Ah, xa non, esta é a segunda!

Jaimito chega á casa despois do seu último
día de clases e dille ó seu pai:

- Papá, ¿acórdaste que a principio de curso
dixécheme que me darías 100€ se
aprobaba?
- Si, filliño, ¿Por que? Non me digas que...
- ¿Si, papá! ¡Aforreiche ese gasto!

– **Jaimito**, dime unha palabra que empece
por x.

- Onte, señorita.
- Moi mal Jaimito, vouche poñer un cero.

Jaimito pregunta:

- ¿E logo onte non era xoves?

XX


- ¿Por que un elefante non pode viaxar?
- Porque a impresión dixital non lle entra
no pasaporte.

- ¿Por que Tarzán non usa cuchillo?
- Porque xa ten *achita*.

- ¿Que lle dixo un ollo ó outro ollo?
- Tan pretiño y non nos vemos.

- ¿En que idioma reta unha tartaruga ós
seus tartaruguíños?
- En "TORTUGUÉS".

- ¿Como pega os puñetazos Kun-fu?
- Kun-forza.



6º A.

